

O sarillo da lingua: o refluxo do humorr...



MANUEL
DOURADO
DEIRA

Pois si. Houbo un cambio político. Moitos cremos de boa fe que tamén significaría un cambio sociolingüístico en virtude do cal Galicia deixaría de ser “castrápica” e, tomando conciencia de si mesma, comezaría a redimirse dese cancro secular do autoodio lingüístico e entraríamos nunha fase de reflexión cívico-social na que apreciaríamos o que significa ter unha lingua propia. Iso, reitere por enésima vez, sen prexuízos contra o castelán, lingua común, e todas as demais linguas ás que alcance o noso caletre.

A importancia da lingua propia exprésaa moi ben Margarita Ledo, quen, recentemente, recibiu o nomeamento como membro nu-

merario da Real Academia Galega (RAG). A catedrática asumiu tal designación coma un “compromiso” cun “signo identitario: temos que pensar que a lingua é o noso fío umbilical” (GH, 31-03-08). Substitúe a outro galego ilustre: D. Miguel Anxo Araújo, un dos grandes bispos que produciu esta Terra, quen nunca esqueceu as súas orixes nin a súa lingua, porque sabía moi ben o que significaba para o ser de Galicia. Pero un servidor non quere tratar hoxe da lingua e da súa transcendencia. Non hai moitos días que o fixen, e non me gusta caer na tentación de ser teimudo e reiterativo en exceso, porque iso me levaría á obsesión, e non quero ser vítima de tal obnubilación. Hoxe prácame refluxarme no regazo amantiño do humor que deita Manuel Núñez Singala (USC) no seu libro *Comedia Bífida* (Galaxia, 2007), cuxo extracto publica a revista *Longa Lingua*, da Mesa pola Normalización Lingüística, no seu nº 12.

Núñez Singala fai a denuncia humorística de moitos e ridículos complexos que aínda asolan a grandes sectores da nosa sociedade

Entresaco algúns salientados importantes pola denuncia humorística que fan de moitos e ridículos complexos que aínda asolan grandes sectores da nosa sociedade. A Comedia bríndanos un proceso aos “prexuízos lingüísticos”, cuxo xurado está formado por San Pedro (xuíz), Luci (acusación) Diña (señora do público, sinalada pola acusación) e Arcanxo (defensa)

Luci acusa: “Os rusos falan ruso; os chineses, chinés; os xaponeses, xaponés... só os galegos non queren falar galego. ¡Patético!”. “Hai algo máis triste ca unha persoa que

se nega a ser o que é e que pretende ser algo diferente? Un galego que desprece a súa lingua atenta contra si mesmo, contra a identidade do seu pobo, da súa cultura e do seu ser”. O xuíz: “Señora, acúsaselle de atentar contra a lingua do seu país. Ten algo que dicir ao respecto?”. Diña: “Yooo? Nadiña de nada; ¿que le voy dicir? No le tengo nada contra el gallego; el que lo quiera hablar que lo hable, allá él”.

Luci: “Por que non quere que os seus falen galego? Diña: “vamos a ver: no es que yo no quiera que hablen gallego, que ya dije que tanto me tenía lo que cada quien hablara. Lo que pasa es que no se le da bien a los niños, no les gusta. Ellos lo saben un poco porque en el colegio se lo aprende el profesor; pero... no les va. Y además, para que lo...?”.

En fin, como mostra, abonda. Diña é o prototipo do castrapo que aínda reina na nosa Terra e reflicte moi ben o problema do idioma en Galicia. ●